

## **RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 20 DE XANEIRO DE 2009**

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión extraordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#).

### **1. Convocatoria eleccións órganos unipersoais 2009**

Toma a palabra o Sr. Reitor, quen dá conta da proposta de convocatoria de eleccións para órganos unipersoais 2009, que figura no [anexo II](#). Logo de indicar que se trata dunha proposta que trae causa do acordo adoptado pola Comisión Electoral Central na súa sesión do día 16 de xaneiro de 2009, o Sr. Reitor explícalles aos membros do Consello de Goberno o contido da citada proposta de convocatoria.

Sen se rexistrar ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos, apróbase a convocatoria de eleccións a órganos unipersoais que figura no citado anexo.

### **2. Premios extraordinarios**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen lles presenta aos membros do Consello de Goberno a proposta de Premios extraordinarios de diplomatura, arquitectura técnica, enxeñaría técnica, licenciatura, arquitectura e enxeñaría correspondente ao curso académico 2007/2008, que figura no [anexo III](#) e que, no caso de seren aprobados, serán entregados no acto académico que se vai realizar con motivo da festividade de San Tomé de Aquino.

Sen se rexistrar ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos, apróbase a convocatoria de eleccións a órganos unipersoais que figura no citado anexo.

### **3. Comisión interna da Universidade Programa Docentia**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías, quen presenta a proposta de composición da Comisión Interna de Avaliación do Programa Docentia da Universidade da Coruña, que figura no [anexo IV](#). Na súa intervención dálles conta dos criterios e das

razóns que xustifican a relación de persoas propostas para formar parte da citada comisión.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participan o Sr. Fernández López, quen advirte certos erros formais no documento presentado, na parte relativa ao estudantado, pois figura a expresión «delegacións de estudantes». En resposta, a Sra. Vicerreitora admite que se trata dun erro, pois debería poñer no seu lugar «representantes dos estudantes». Tamén intervén o Sr. Delgado Martín, quen pregunta se a elección dos representantes do estudantado non debería ser no seo do Consello de Goberno. En resposta, a Sra. Vicerreitora respóndelle que, segundo a normativa reguladora desta materia, o Consello de Goberno só ten que intervir na elección do profesorado por cada rama de coñecemento.

Apróbase por asentimento a proposta de membros da Comisión Interna de Avaliación do Programa Docencia da Universidade da Coruña, que figura no [anexo V](#), logo de seren corrixidos os erros formais advertidos.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10.30 h.